

**As nubes da Casalonga xa non son artistas,
xa non trazan falcatrueiras listas,
nin espallan resplandecentes pingas
polas mámoas vellouqueiras,
polas carballeiras e as silvas.**

**As nubes laian no velorio da Galiza,
laian con elas o camiño portugués e as leiras.
Morren con Galiza os mouros da eira.
Lapidan as lendas cobras peseteiras
nunha fochanca fedorenta.**

**A nosa terra meiga sofre
por boca non ter para queixarse
da vaidade do poder que a corrompe.
Mais ten lingua, e boca temos nós.
Defendamos o que é noso,
berremos: A merda de Toysal, NON!**

**ZONA RESIDENCIAL,
NON RESIDUAL**



Salomé Barreiro